



Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra
Departamento de Exportadores. Edificio da Lonxa– Porto de MARÍN, 36900 MARÍN (PONTEVEDRA)
CIF: G-36593606 Tfn. 886 21 30 15 gacpontevedra@gmail.com

Asunto. Solicitude de oferta económica e técnica

Procedemento de Contratación de Asistencia Técnica para a posta en marcha da Actividade de Dinamización – *Promoción da sensibilización ambiental no territorio do GALP Ría de Pontevedra.*

Importe máximo: 3.500 € + IVE.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra foi recoñecido como entidade colaboradora pola Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014 – 2020.

O Grupo asinou un convenio coa Consellería do Mar en virtude do que, o Grupo deberá contribuír á dinamización da presentación de proxectos ás convocatorias anuais de axudas e en especial en relación cos obxectivos estratéxicos de menor desenvolvemento ata o momento actual.

Por este motivo, o Grupo solicita a súa mellor oferta para a prestación dunha Asistencia Técnica para o desenvolvemento do programa de actividades de Dinamización de Promoción da sensibilización ambiental do GALP Ría de Pontevedra.

Información básica sobre a actividade *Promoción da sensibilización ambiental* e defensa do patrimonio cultural vinculado ao mar

OBXECTIVOS: O obxectivo desta actividade é dar a coñecer á cidadanía a implicación do GALP Ría de Pontevedra na posta en valor do patrimonio ambiental, a promoción de empresas cun compromiso en sustentabilidade ambiental e na realización de actividades de sensibilización ambiental.

As accións que se desenvolvan estarán orientadas á concienciación en temas ambientais, divulgación de ecosistemas mariños, concienciación sobre as consecuencias e posibilidades de acción fronte ao cambio climático, basuras marinas, etc

LUGAR E DATA DE REALIZACIÓN: As actividades desenvolveranse en colaboración cos centros de ensino primario do territorio, previa presentación aos mesmos do programa de actividades e sinatura de acordo de participación.





CIF: G-36593606

Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

Tfno. 886 21 30 15



DESTINATARIOS: A actividade estará dirixida a escolares do/s último/s ano/s de Primaria mais procurárase a implicación familiar.

ENTIDADES COLABORADORAS: O GALP Ría de Pontevedra participará na selección de entidades colaboradoras que participen no programa de sensibilización ambiental.

BREVE DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES A REALIZAR: As actividades a realizar son as seguintes:

- Invitacións aos centros escolares a participar coa achega do programa deseñado de actividades a desenvolver polos alumnos do centro educativo.
- Execución das actividades programadas coa participación dos centros escolares seleccionados.
- Redacción dunha Memoria de execución.

INDICADORES DE RESULTADOS ESPERADOS:

- Nº de centros de ensino participantes
- Nº de concellos aos que pertencen os centros de ensino participantes.
- Nº de mozos e mozas participantes no programa.
- Nº de mozos e mozas que logo de participar no proxecto queren continuar participando en posteriores edicións do proxecto.

Documentación a presentar coa oferta:

Na oferta deberá incluírse:

- Oferta técnica coa descrición das actuacións a realizar: deseño dun proxecto didáctico que aló menos inclúa: descrición xeral da actividade, obxectivos en función da temática concreta elixida, descrición das actividades especificando metodoloxía, materiais, contidos que se traballan e avaliación dos resultados didácticos e de participación. A temática debe encadrarse no ámbito da sensibilización ambiental e posta en valor do patrimonio cultural que figura na EDLP do GALP Ría de Pontevedra e que pode contribuir a dinamizar a presentación de proxectos nestes obxectivos estratéxicos. O programa didáctico ten que promover a involucración da cidadanía mediante unha proposta de ciencia cidadá. Incluirase a definición de perfís do persoal que se adicará ao proxecto e o compromiso en valores de resultados a acadar.
- Oferta económica
- Anexo á contratación segundo modelos remitido polo GALP.





CIF: G-36593606

Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

Tfno. 886 21 30 15



- Acreditación de estar en disposición de contratar de acordo coas condicións establecidas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para contratar co Sector Público.

Criterios de adjudicación.

O contrato adjudicarase a oferta máis vantaxosa economicamente dentro das que cumpran coas especificacións técnicas e económicas, seguindo as seguintes puntuacións:

- 60 puntos á oferta máis económica e proporcionalmente as restantes seguindo a seguinte fórmula:

$$P = 60 * (\text{OFERTA MENOR}) / \text{IMPORTE OFERTA}$$

- 20 puntos ás MELLORAS no desenvolvemento do proxecto. Valorarase, por exemplo, a inclusión de melloras como a realización e reparto de material de merchandising, a idoneidade e preparación do persoal que se vincule ao proxecto, ou o deseño dunha estratexia de comunicación das actividades do proxecto.
- 20 puntos, en función dos valores que comprometa a empresa para os indicadores de resultados das actividades (maior puntuación canto valores máis altos).

Marín, 5 de xullo de 2019

Asdo. Laura Nieto Zas